

Concello de Mugaros
(A Coruña)

7/2021. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 26 DE MAIO DE 2021.

Sendo as dezanove horas e trinta e seis minutos do día 26 de maio do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións plenarias, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 519/2021, de data 19.05.2021; sesión que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, Dna. María del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras, e para a que previamente se teñen identificado tódolos integrantes do Pleno da Corporación, atopándose todos eles en territorio español. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado. Asiste tamén, a distancia, a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña, que previamente se ten identificado, atopándose tamén en territorio español.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra, facéndose constar que tódolos concelleiros/as asistentes atópanse acreditados e perfectamente identificados polo que reúnen os requisitos para poder participar, mediante conexión por medios telemáticos, na presente sesión plenaria.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 28.04.2021 (5/2021) E 13.05.2021 (6/2021).

34 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e sométese a votación, en primeiro lugar, a acta da sesión realizada o día 28 de abril de 2021.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 28.04.2021 (5/2021).

1 min 04 s: Polo sr. Alcalde sométese a votación a acta da sesión realizada o día 13 de maio de 2021.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

E o Pleno da Corporación, por 11 votos a favor (4 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e coa abstención do concelleiro D. Iván Martínez González, por non ter asistido a sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 13.05.2021 (6/2021).

2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DUN MODELO DE ENERXÍA EÓLICA SUSTENTÁBEL, XUSTA E GALEGA FRONTE AO ESPOLIO E A DEPRDACIÓN.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG en defensa dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xust e galega fronte ao espolio e a depredación, e o Concello Pleno, por 1 voto a favor (1 BNG), 7 votos en contra (4 PP, 3 PSOE) e 4 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN), acorda rexeitar a aprobación da devandita moción.

DELIBERACIÓN

1 min 25 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao relator da moción.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1 min 39 s: Polo sr. Varela Filgueiras faise unha exposición dos motivos que deron orixe á presentación da moción así como dos acordos que se someten á consideración do Pleno.

7 min 15 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

7 min 34 s: O sr. Martínez Bardanca manifesta o sentido do voto do seu grupo no presente punto da orde do día, que sería contrario á aprobación do mesmo, e de seguido di que o voto contrario débese a que entenden que os acordos propostos son demasiado restritivos e que entenden que habería que buscar outras vías para que isto poida ser unha realidade, intentando sempre ser respetuosos co medioambiente pero tratando de salvagardar o interese xeral de Galicia; a continuación di que, neste sentido, o PSdG no Parlamento de Galicia vai a presentar propostas ao Parlamento.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

11 min 02 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

11 min 35 s: O sr. Martínez Bardanca di que o lugar onde ten que darse este debate é no Parlamento de Galicia e que o Concello de Mugardos, polas súas características xeográficas e extensión, non é un lugar onde se estea acusando este problema e que non cre que a día de hoxe sexa un problema que preocupe aos veciños de Mugardos.

12 min 21 s: O sr. Mahía Prados di que a moción está composta por moita literatura e poucos datos, e de seguido fai unha exposición dos motivos que dan lugar a que a postura do seu grupo sexa contraria á aprobación da moción. De seguido, di que Mugardos e Ares están, como zonas de reserva, dentro do Plan Sectorial Eólico galego, polo que esta medida afecta ao Concello posto que o que di é que se modifique o plan actual, e polo tanto córrese o risco de quedar fóra desa zona de reserva. Para rematar, di que o Pleno do Concello non é órgano competente para este tipo de debates.

17 min 22 s: O sr. Alcalde dá por finalizado o debate sobre o asunto e dá a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do BNG aos efectos de que por este se peche a moción.

17 min 36 s: Polo sr. Varela Filgueiras lévase a cabo o peche da moción argumentando que coa presentación da moción o que están a facer é esixir unha serie de medidas que non se están a dar neste caso, e remata dicindo que eles o que piden é que haxa transparencia e que se fagan as cousas como cren que se teñen que facer.


18 min 34 s: Polo sr. Alcalde, unha vez rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación.

3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVIAS GALEGAS

19 min 24 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao relator da moción.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

19 min 31 s: Polo sr. Varela Filgueiras faise unha exposición dos motivos que deron orixe á presentación da moción así como dos acordos que se someten á consideración do Pleno.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

22 min 41 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

23 min 01 s: O sr. Martínez Bardanca di que a moción é un pouco confusa, e sinala que a información que hai sobre este tema é a que se recolle no Plan de Recuperación que o Goberno do Estado enviou a Bruselas, e de seguido di que agora mesmo hai un sistema de financiamento das autovías e que pode haber xente que entenda que o sistema actual é xusto e outra xente que entenda que non é xusto. A continuación di que a OCDE entende que son unha causa contaminante e que hai que tomar medidas para evitar ese tipo de desprazamentos, polo que entende que si que sería convinte, nese sentido, que vaia ao Congreso o asunto e que se discuta como se vai a facer ese financiamento.

26 min 27 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

26 min 44 s: O sr. Mahía Prados di que dende o seu grupo comparten o fondo da solicitude pero non comparten a forma dado que o Pleno do Concello de Mugardos non é o órgano competente para falar acerca das peaxes, e remarca que o seu grupo está en contra de que haxa peaxes nas autovías. Para rematar di que dado que o Pleno do Concello non é o órgano competente para adoptar este tipo de acordos e polo tanto non poden apoiar a moción.

28 min 26 s: O sr. Alcalde dá por finalizado o debate sobre o asunto e dá a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do BNG aos efectos de que por este se peche a moción.

28 min 30 s: O sr. Varela Filgueiras di que cada Concello é soberano para debater do que queira politicamente e do que entenda que lle pode afectar á maior parte da súa cidadanía, e indica que o que se fai con esta moción é amosar a posición do Concello de Mugardos á intención do goberno de aplicar esas medidas.

29 min 44 s: Polo sr. Alcalde, unha vez rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG sobre as peaxes das autovías galegas, e o Pleno da Corporación, por 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 3 votos en contra (3 PSOE) e 4 abstencións (4 PP), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:



Concello de Mugardos
(A Coruña)

1.- Amosar a rotunda oposición do Concello de Mugardos á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

2.- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Goberno Español, nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, así como, aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.

4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 402/2021 Á 516/2021, AMBAS INCLUSIVE.

30 min 18 s: Polo sr. Alcalde dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 402/2021 á 516/2021, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 402/2021 á 516/2021, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

30 min 30 s: Polo sr. Alcalde se informa de que se quere incluír un asunto pola vía da urxencia, e de seguido dalle a palabra ao concelleiro delegado da área de facenda.

A.- REVOGACIÓN DA DELEGACIÓN DA XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL EFECTUADA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA..

31 min 10 s: Polo sr. Mahía Prados xustifícase a urxencia de incluír o presente punto na orde do día.

33 min 18 s: Polo sr. Alcalde, logo da xustificación efectuada polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, sométese a votación a inclusión, pola vía da urxencia, do citado asunto.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por 8 votos a favor (4 PP, 3 PSOE, 1BNG) e 4 votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN) e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: **“REVOGACIÓN DA DELEGACIÓN DA XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL EFECTUADA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.”** incluílo na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 5.

5.- REVOGACIÓN DA DELEGACIÓN DA XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL EFECTUADA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

33 min 47 s: Polo sr. Alcalde, unha vez acordada a inclusión do presente punto na orde do día, dase lectura á proposta que se somete á consideración do Pleno, e dado que ningún grupo solicita intervir no presente punto da orde do día somete o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía en data 26.05.2021, obrante no expediente, por 7 votos a favor (4 PP, 3 PSOE), 4 votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN) e unha abstención (1 BNG), acorda:

Primeiro.- Deixar sen efectos a delegación acordada, mediante acordo plenario do día 25 de novembro de 2011, na Deputación Provincial da Coruña para xestión e administración da sede electrónica. Este acordo queda condicionado a manifestación favorable por parte do órgano competente da Deputación Provincial da Coruña para deixar sen efectos por mutuo acordo a eficacia de dito convenio.


Segundo.- A creación dunha nova sede electrónica, cuxo enderezo electrónico de referencia pase a ser mugardos.sedelectronica.gal en lugar da existente sede.concellodemugardos.gal.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

36 min 45 s: Polo sr. Alcalde dase comezo á quenda de rogos e preguntas, e dado que polos/as señores/as concelleiros/as non se teñen formulado preguntas polo sr. Alcalde dase a palabra a aqueles concelleiros/as que queren formular rogos, comezando os mesmos cos rogos formulados polo sr. Martínez Bardanca.

37 min 17 s: Polo sr. Martínez Bardanca fórmulanse dous rogos, un relativo á transparencia no Rexistro municipal, dado que non se levan os escritos dos veciños ás comisións, e outro rogo relativo ao apelmazamento da area da praia.

39 min 54 s: O sr. Alcalde intervéñ para darlle a palabra ao sr. Martínez González.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

39 min 58 s: Polo sr. Martínez González fórmulase un rogo relativo á instalación de contenedores superficiais con tapa nos lugares onde se atopan os contenedores soterrados, aínda que poida estar previsto o arranxo destes últimos, para evitar así os cheiros e a presenza de gaivotas nos restos.

40 min 30 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. González Lorenzo.

40 min 38 s: Pola sra. González Lorenzo fórmulanse dous rogos, o primeiro deles relativo á continuidade das actividades de pintura e informática durante o mes de xuño, e o segundo relativo á retirada, do peirao, dos pernos dos bolardos rotos.

41 min 47 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. Toimil Fernández.

42 min 04 s: Pola sra. Toimil Fernández fórmulanse dous rogos, o primeiro deles relativo a que se leve á comisión de obras e servizos o desbroce que se fixo no Ratón, e o segundo relativo ao cambio do banco que se instalou en As Mareas.

42 min 48 s: O sr. Alcalde di que contemplaron no orzamento deste ano meter unha partida para a reparación dos contenedores soterrados e que se intentará dar unha solución a este tipo de cuestións, e de seguido di que, no que se refire aos pernos, estes fóronse retirando a medida que foron rompendo os bolardos pero que se mirará por si quedou algún que non se detectara. A continuación di que en canto ao desbroce e ao cambio de banco en As Mareas contestará o concelleiro responsable na comisión pertinente, e sinala que son conscientes que é necesario facer unha renovación do mobiliario urbano e que se tratará de dotar dun mellor mobiliario tanto á vila como ás parroquias.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás vinte horas e vinte e dous minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (video-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=17>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
176bf18af32766a7d4e668fccb340565614486c1452d98105727a9efffedef71

Vº e prace
O ALCALDE